

## Onde sempre é bosque

### **Cabalos de Lume**

—Avó Paco, que o coñezo ben; nin se lle ocorra facer ningunha tolería! Francis queda con vostede, así que non abra as ventás e moito menos non lle vaia dar por saír fóra. Nós imos botar unha man a Vilariño.

Flora vén de rescatar a seu avó, quen porfiaba en seguir só na vella casa matriz ata que a evidencia das labaradas deu en ameazar con lamber as paredes das primeiras casas de Vilariño.

Galicia arde; xusto así imaxinaba, de rillote, o avó Paco a Fin do Mundo!!

O vento vén do nordés e, dende Campañó, un monstro irritado, de dimensións descomunais, gabea de présa polo monte Castrove arrasándoo todo coa súa lingua lanzachamas. No seu bandullo, irracional e insaciable, leva xa milleiros de hectáreas de arborado devoradas. As ramas dos escasos carballos e dos febles piñeiros estralan nunha queixa agonizante, mentres os eucaliptos aguantan ergueitos e silenciosos a arremetida, na esperanza de que os fentos e mais eles mesmos poidan rexurdir das súas propias cinzas.

No momento en que bisavó e bisneto quedan solos, o señor Paco, que chegou vestido de cerimonia coma quen vén de asistir a un funeral, saca a americana e dun dos petos extrae unha árbore minúscula.

—Vente Francisquiño, imos buscar á eira algo onde plantar este carballo.

O neno agárrase á perneira do pantalón do señor Paco, é demasiado pequeno para entender a magnitude da traxedia, mais intúea. Ule a fume, a medo, a inferno. O lume continúa avanzando implacable nese agosto maldito, ameazando xa Ríomouro, o Castro... O vello mira ao ceo implorando unha chuvía mansa; a experiencia dille que unha tromba de auga rabuñaría a terra e arrastraría todo ata a ría, tinxiríaa de loito, quedaría sen marisco, sen mariscadoras...

—Velaquí, isto mesmo vains servir —improvisa o señor Paco.

—Avó Paco —fala, á fin divertido, o neno—, que iso é un penico!

—Seica pensas que vou poñer o carballiño a mexar? Voulle botar terra da boa; ves? Esta é da mellor terra, métoo así... cunhas pedriñas por baixo para que a auga...

O home vai facendo e explicándolle, mentres o aire vólvese aos poucos menos respirable. O rapaz, sen soltar en ningún momento a perneira do seu bisavó, ergue a súa ollada inocente cara á nube negra que medra e vai transformando o Castrove nun monte fantasma; talmente unha potente arma química que avanza xa cara un mar que observa impasible, afeito, tamén el, ás imprudencias e agravios humanos.

—Avó Paco, avó Paco, un cabalo de lume vai dando chimpos polo monte abaixo! —Francisco bota a chorar ante a apocalipse.

O señor Paco, vello mestre, deses que para educar abondoulle a transparencia da súa vida, coloca o penico nun brazo e colle o cativo pola man...

—Ven Francisquiño, imos dentro, que che vou contar unha cousa —pecha ben a porta, agora si, pousa o

pequeno carballo na mesiña da sala e, sen soltar a man do seu bisneto, prosegue—: Non, meu neno, non chores que aquilo non era un cabalo; era a Ave Fénix! —pronuncia con énfase.

—A min pareceume un cabalo que ía enredado en ramas ardendo —sorbe Francisco as bágoas polo nariz.

—Ca, imposible! —finxe rir o vello—. Era a ave Fénix —porfia—, un paxaro de lume que aparece cada 500 anos. Claro, ti vícheslle o corpo dourado e as ás vermellas e pensaches que era...

E, nese insoportable cheiro a catástrofe, o avó fálalle do delicioso recendo da Ave Fénix, da rosa da que agromou, do seu prodixioso canto... Non pode descubrirille a maldade do ser humano, capaz de encadear das patas os cabalos para que nin sequera poidan fuxir de por si, da barbarie; aos mesmos que, grazas a comeren a maleza, impiden a apocalipse definitiva.

Mentres fala, as pedras do Castrove van quedando espidas, cos seus segredos ao aire e a ría ocúltase xa baixo o fume.

—A onde ía a Ave Fénix?

—Á illa de Tambo! Gústalle moito a nosa ría, e como alí non hai lume...

—E por que metiches a árbore no penico? —pregunta máis acougado o rapaciño.

—E que este carballiño é descendente dun vello carballo importantísimo!

—Coma se fôsemos ti e mais eu?

—Xusto!!, coma ti e mais eu. Á sombra do seu antepasado quedouse a durmir dunha volta Santo Ero da Armenteira cerca de 300 anos. Vaia sesta se pegou o moi galopín! Saíra a camiñar polo Castrove, atopou cun río e, polo visto, un paxariño empezou a cantar... El deitouse onda o carballo...

O vello fala e fala sen descanso ata que o neno dorme, sobre o seu regazo de carballo sabio, soños sen fume, con paxaros de lume que aniñan nas súas tupidas pólas.

Daquela, o señor Paco dirixe a súa ollada vidrosa cara á aba do monte e pensa nas ducias de cabalos encadeados que haberá nese intre dando desesperados tombos monte abaixo, mentres tentan desesperadamente fuxir das lapas... “Pelexamos pola terra, pero non a queremos, e chamámoslles bestas a eles; canta cegueira! ¿Que será de nós se quedamos sen sombra? Cando choverá cordura sobre o mundo?”

El tamén quereda durmir e non espertar en 300 anos.



## Fina Caslderrey

Naceu en Xeve (Pontevedra). Dende os 19 anos exerce a profesión de mestra. Entre as súas inquiredanzas na escola estiveron a creación xunto cos seus alumnos de pezas teatrais e tamén a investigación etnográfica, estimulando a interese dos rapaces por temas relacionados. En 1991 deuse a coñecer coa novela xuvenil *Mutacións Xenéticas*. En 1996 gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil coa novela *O*

*misterio dos fillos de Lúa*. A maior parte da obra de [Fina Casalderrey](#) está traducida a todas as linguas do Estado, tamén ao portugués. Poden ler a súa propia [autobiografía](#) na web da UDC.

## Galería



## Localización



## Sen comentarios

### Novo comentario

É preciso que te rexistres para poder participar en Vieiros. Desde a páxina de entrada podes crear [o teu Vieiros](#).

Se xa tes o teu nome en Vieiros, podes acceder dende aquí:

Usuaria/o:

Contrasinal:

Este espazo esta patrocinado por:

